



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE CÁTERING PARA O "XANTAR DAS PERSOAS MAIORES 2024" . EXPTE. NÚM. 3178/2024

ASISTENTES:

Presidente: D. José Carlos Vidal Suárez, alcalde.

Secretario: D. Vicente Pérez Millán, funcionario interino administrativo de Administración Xeral.

Vogais:

D. Adrián J. Márquez Caramés, secretario en réxime de acumulación, asiste telemáticamente.

D. Faustino J. Villamor Iglesias, interventor titular municipal.

D. Emilio A. Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral.

Reunidos na alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal, o día 26 de setembro ás 11.16 horas, previa a súa convocatoria, reúnese a mesa de contratación para a apertura do sobre C, do procedemento aberto simplificado abreviado para a adxudicación do servizo de cátering "Xantar das persoas maiores 2024, que contén a documentación administrativa e a oferta suxeita a criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas para a súa valoración e, se procede elevar, a proposta de adxudicación do servizo.

O expediente de contratación aprobouse pola resolución da alcaldía número 2024-0978 de data 06-09-2024, no prego de prescricións técnicas determínase o valor estimado do contrato (sen IVE), artigo 101 LCSP, ascende á contía de 32.385,00 euros (IVE excluído), aplicando o IVE, 10%, supón un orzamento base de licitación de 35.623,50 euros. O tipo de licitación sen IVE é de 43,18 euros por persoa, establecéndose para unha afluencia máxima de 750 persoas, resultando o prezo, valor estimado do contrato da precitada contía de 32.385 euros.

Publicouse o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público na data de 09-09-2024, xunto cos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e demais documentación preceptiva.

Durante o prazo hábil presentáronse na Plataforma de Contratación do Sector Público as seguintes empresas á licitación:

1. JOSÉ FAJARDO, SL. CIF B15320187

Procédese á apertura do sobre C que contén a documentación administrativa (declaración responsable ou DEUC) e oferta suxeita a criterios avaliados de forma automática, co seguinte resultado:

Empresa	CIF	Oferta
1. JOSÉ FAJARDO, SL.	B15320187	43,10 euros/persoa, 32.325 euros para 750 p.





A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

Compróbase que a empresa presentada presenta a declaración responsable esixida, así como a súa inscrición no ROLECE co número 77.352, polo que se admite ao procedemento e procédese á valoración consonte ás fórmulas que constan na cláusula 10ª do PCA (aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e aplicable, entre outros nos procedementos de contratación da Deputación da Coruña, a cal pódese consultar no seguinte enlace: (<https://www.dacoruna.gal/contratacion/valoracion/>) outorgando as seguintes puntuacións a cada un dos licitadores:

<u>Empresa</u>	<u>CIF</u>	<u>puntuación</u>
1. JOSÉ FAJARDO, SL.	B15320187	0,89

A oferta presentada por JOSÉ FAJARDO, SL. CIF B15320187 , co prezo de 43,10 euros por cada asistente, que representa para o número máximo de 750 persoas, 32.325,00 euros, mais o IVE 3.232,50 euros, que totaliza a contía de 35.557,50 euros, acada a maior puntuación e considérase como a que presenta a mellor relación calidade-prezo, polo que a mesa de contratación, acorda:

Primeiro.- Elevar a proposta de adjudicación do servizo de cátering “XANTAR DAS PERSOAS MAIORES 2024”, EXPTE. NÚM. 3178/2024, a favor de JOSÉ FAJARDO, S.L., considerada como a que presenta a mellor relación calidade-prezo, no prezo ofertado de 43,10 euros por cada asistente, o que representa a contía máxima de 32.325,000 euros mais o IVE 3.232,50 euros, que totaliza a contía de 35.557,50 euros, con suxeición á súa oferta e aos pregos que rexen a licitación.

Segundo.- Requirir ao licitador JOSE FAJARDO, S.L., que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que achegue a documentación esixida na cláusula 6.5 do Prego de Prescricións Técnicas, relativa a acrditación dos medios humanos que participarán na prestación do servizo e relación de medios materiais, así como dos auxiliares, e acreditará a existencia dunha póliza de responsabilidade civil xeral en vigor, cun límite mínimo de 600.000,00 euros por sinistro/ano e un sublímite por vítima de 150.000,00 euros, coas garantías mínimas de R.C. explotación, R.C. patronal e R.C. produtos/subministración de alimentos, cunha franquía non superior a 100,00 euros e o recibo de pagamento da dita póliza en curso, así como da acreditación das autorizacións necesarias para exercer; e todo iso no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación.

Terceiro.- Publicar esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O presidente dá por rematada a reunión doce horas e trinta minutos, para que quede constancia do tratado, redáctase a acta por min o secretario, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Na data da súa sinatura dixital

A mesa de contratación

